



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Primeiro.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Federación Galega de Baloncesto o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia de catro anos, que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes.

Segundo.- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Federación Galega de Baloncesto (FEGABA) para promover a práctica da modalidade de baloncesto 3x3 e fomento da participación e o desenvolvemento deportivo do alumnado de 3º ciclo de primaria (5º e 6º).

Terceiro.- Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- Que é de interese tanto para a Consellería como para a FEGABA fomentar a práctica da modalidade de baloncesto 3x3, e de forma extensiva, a práctica deportiva en xeral, como ferramenta para a promoción da saúde, da convivencia e da igualdade de oportunidades, achegando esta modalidade a aqueles contornos nos que o deporte organizado non chega habitualmente ao alumnado.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

